



PROTOCOLO DE EMERXENCIAS SANITARIAS E ENFERMIDADE CRÓNICA.

1.- Atención educativa:

Hospitalaria, alumnado ingresado 15 días en coordinación co centro.

Domiciliaria, alumnado convalecente no domicilio 1 mes.

2.- Urgencias e autoprotección.

ALERTA ESCOLAR atención alumnado de 0 a 16 anos con patoloxía crónica:

Crisis alérxicas (anafilaxia)

Crisis comiciais (epilepsia)

Crisis diabéticas

Programa de coordinación entre profesorado e Galicia-061, o centro da a alerta, o 061 tras recibir a alerta, idéntificase ao alumno e o profesorado estará dirixido en todo momento por un médico.

As familias facilitan toda a información relevante recollida en informes médicos e asinará as correspondentes autorizacións.

No mes de **setembro** se convocará unha reunión plenaria de todo o profesorado, persoal non docente e persoal de comedor, de ser o caso, para informar das peculiaridades da enfermidade, atención ao alumnado en caso de urgencia. O centro contactará co Servizo de Saúde para recibir o asesoramento pertinente. **Reunión obrigatoria de coordinación.**

Nas **aulas** onde exista un alumno/a de alerta escolar será identificado cunha cruz vermella na mesa do profesorado. No caixón da mesa estará sempre unha carpeta vermella coas pautas de actuación do alumno/a (lembra o deber de sigilo e a protección de datos).

No **botiquín** do centro atoparemos unha caixa de alerta escolar que contén a imaxe e a medicación dos alumnos destes alumnos/as, así como unha carpeta vermella ca documentación necesaria e pautas de actuación.

No **arquivo** do centro temos un apartado de alerta escolar co plan de atención individualizado de cada alumno/a, carpetas colgantes vermellas coa seguinte documentación:

- Ficha con fotografía, protocolo de emerxencia (sinais de alarma e actuacións), teléfonos de referencia.
- Autorizacións da familia.
- Alta en alerta escolar.
- Informe médico e pautas correspondentes.
- Formularios complementarios se proceden, follas de control...

Formarase un **equipo de tres mestres** para a coordinación e apoio no control da enfermidade, este equipo poderá recibir formación específica. Para a formación desde equipo termes en conta; a formación en primeiros auxilios, que exercera estes labores anteriormente, que imparta docencia no grupo (titoría e EF), que exerza algúnha labor (contol, xefatura, dirección) no comedor.

EQUIPO ALERTA ESCOLAR: Montse, Goretti, Roberto...

Nas actividades complementarias e extraescolares nas que participe o alumno de alerta escolar, debe estar sempre a caixa de urxencia auxiliar.

PRIMEIROS AUXILIOS a diario suceden situacións, accidentes ou enfermidades repentinas que obrigan a actuar rápidamente. Este protocolo establece pautas básicas de actuación.

DECÁLOGO DE PRIMEIROS AUXILIOS

1. Ter uns coñecementos básicos como parte da formación en saúde e cidadanía responsable.
2. Observar a situación antes de actuar.
3. Actuar con tranquilidade e rapidez: intervención rápida pero serena, dominando a situación e evitando o pánico.
4. Non mover o accidentado sen saber antes o que ten: examinar ben ao ferido, sen tocalo innecesariamente.
5. Non facer máis que o indispensable.
6. Xamais darlle de beber ou comer a un accidentado.
7. Abrigar o ferido.
8. Tranquilizar e animar o accidentado, transmitíndolle seguridade na nosa actuación.
9. O accidentado deberá ser tratado, que non trasladado, con urxencia.
10. **ATENCIÓN!** A persoa que intervén debe protexerse sempre: asegurar a súa integridade, pór luvas, etc.

AVISAR AOS SERVIZOS DE SOCORRO

061 Número de urxencias sanitarias
112 Número de urxencias xerais

3.- Fichas de actuación (as actuacións importantes están xunto o botiquín do centro)

Anexo I

- Accidentes por electricidade
- Alteracións da temperatura corporal
- Amputacións
- Crises asmáticas
- Crises convulsivas ALERTA ESCOLAR
- Crises diabéticas ALERTA ESCOLAR
- Crises psiquiátricas

- Contusións
- Corpos extraños
- Dor de cabeza, dental, torácica ou abdominal
- Hemorraxias nasais
- Feridas
- Fracturas
- Hemorraxias
- Insolación ou golpe de calor
- Intoxicacións
- Lipotimias, síncope e shocks
- Obstrucción da vía aérea
- Picaduras e trabadas
- Queimaduras
- Trastornos gastrointestinais (vómito, diarrea...)
- Traumatismos bucodentais

4.- Notificación ás familias.

As familias serán informadas puntualmente de todas as urxencias.

Nas urxencias de gravidade a prioridade é contactar cos servizos de urxencia, paralelamente a familia será informada telefónicamente.

Nas urxencias menos graves, avisarase a familia para que tome as medidas oportunas. En caso de incidencias que non requieran o aviso inmediato notificarse por escrito (Anexo II) ou vía Abalar Mobil.

Sempre, ao rematar a atención debe cubrirse o “Rexistro de actuacións en emerxencias e incidencias” (Anexo III) que estará a disposición do profesorado na sala de mestres.

5.- Caixa de Urxencia básica. BOTIQUÍN

A caixa de urxencia básica xeral, botiquín do centro, atópase no armario laranxa enfrente a sala de mestres. Ademais da caixa de urxencia básica xeral, temos outras caixas de emerxencia no ximnasio e no comedor e un **botiquín transportable** para as actividades complementarias que se realicen fora do centro.

A xefa de estudos será a encargada de revisarlo e repoñer periódicamente os produtos gastados ou caducados. Na porta do mueble do botiquín haberá unha folla de rexistro para notificar que non hai existencia de algún elemento. (Anexo IV)

No botiquín atoparemos unha caixa diferente para a medicación de **alerta escolar** que contén a imaxe e a medicación dos alumnos de alerta escolar así como unha carpeta vermella ca documentación necesaria.

6.- Anexos

ANEXO I. Fichas de actuación ante accidentes.

ANEXO II. Modelo de comunicación escrita ás familias de accidentes.

ANEXO III. Rexistro de incidencias do centro.

ANEXO IV. Lista de control de existencias da caixa de urxencia básica. (botiquín)

ANEXO V. Formulario de inscrición en Alerta escolar.

ANEXO VI. Plan de atención individualizado de alumnado en alerta escolar.

- Ficha do alumno/a con enfermidade crónica

- Autorización da familia.

ANEXO VII. Sinalizacións

